

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 25 de xuño de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e cinco de xuño de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.- ACTA DAS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS E URXENTES DO 10 E 11 DE MAIO DE 2010.

Apróbanse as actas correspondentes ás sesións extraordinarias e urxentes que tiveron lugar os días 10 e 11 de maio de 2010. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr .Alcalde-presidente.

2.- DAR CONTAS DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

- a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 60/10 P.A. Demandante: FIACT MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS. Obxecto: Resolución do 10.07.09 de responsabilidade patrimonial. Expte.: 2319/243. Estimado parcialmente.

- b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 35/2010 p.a. Demandante: D. José Álvarez Santos. Obxecto: Resolución do 23/12/2009 de responsabilidade patrimonial. Expte.: 2222/243. Desestimado o recurso.
- c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 117/2010 p.a. Demandante: D. Luis A. Iglesias Fernández. Obxecto: Resolución do 04/01/2010. Sanción tráfico. Expte.: 098711592. Desestimado o recurso.
- d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 481/09 p.a. Demandante: D. Miguel Ojea Míguez e outro. Obxecto: Acordo do 13/08/2009. Recuperación posesoria e modificación Inventario: Ramal do Cº Baixada ao Castelo, Bembrive. Expte.: 51966/250. Desestimado o recurso.
- e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 160/09 P.O. Demandante: TAP, OBRA CIVIL Y EDIFICACIÓN, SL. Obxecto: Silenzo administrativo á reclamación de 9/12/08. Factura 513/07 do 30/03/07. Estimado o recurso.
- f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 118/2010. Demandante: D. Manuel Burgos Toimil. Obxecto: Resolución do 9/02/2010. Sanción de tráfico. Expte: 09877304936. Desestimado o recurso.
- g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 78/2009. Demandante: D. Gerardo J. e D. Carlos A. Segúin Giraldez. Obxecto: Resolución do 16/02/2009 sobre reclamación patrimonial. Expte: 1420/240. Desestimado o recurso.
- h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 33/2010 P.A. Demandante: D. RAFAEL VILLAR PÉREZ. Obxecto: Resolución do 14.12.2009 e 15.10.2009. Sanción de tráfico. Expte.: 098745154. Desestimado o recurso.
- i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 42/10 P.A. Demandante: Dª Mª TERESA FERNÁNDEZ REPRESAS. Obxecto: Resolución do 14/12/09 e 8/10/09 sobre sanción de tráfico. Expte.: 098701728. Desestimado o recurso.
- k) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no RC-A nº 62/10 P.A. Demandante: D GUILLERMO LARIÑO NOYA. Obxecto: Resolución do 14/12/09. Sanción de Tráfico. Expte.:00900709166. Estimado o recurso.
- l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 47/2010. Demandante: D. María del Mar Vazquez Jimenez. Obxecto: Desestimación presunta, e expresa do 11/02/2010, reclamación patrimonial. Expte: 2257/243. Desestimado o recurso.
- m) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 155/2009. Demandante: D. José Mª. Malvar Antón. Obxecto: Inadmisión da reclamación do 26/03/2009, reclamación patrimonial. Expte: 2287/243 (e 2022/243). Desestimado o recurso.
- n) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 66/2010. Demandante: Dª. Marina Mumary Suris. Obxecto: reclamación patrimonial. Expte: 2255/243. Desestimado o recurso.

- o) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 236/2009. Demandante: GRANITOS IBERICOS, S.A. Obxecto: Resolución do 26/06/2009. Procedemento sancionador por contaminación acústica. Expte: 6064/306. Desestimado o recurso.
- p) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 103/2009. Demandante: D^a. Peregrina Villanueva Bouzas e outros. Obxecto: Desestimación presunta. Solicitud de procedemento sancionador por contaminación acústica e indemnización. Expte: 5831/306. Desestimado o recurso.
- q) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 18/2010 P.A. Demandante: D^a. FILOMENA-ELVIRA PÉREZ LÓPEZ. Obxecto: Resolución do 03.11.2009 reclamación patrimonial. Expte.: 2088/243. Desestimado o recurso.
- r) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 68/2010 P.A. Demandante: D^a. M^a ISABEL CABEZA PEREIRO. Obxecto: Desestimación presunta de solicitude. Recoñecemento de antigüidade (PERSOAL) dende o 02.02.2004. Desestimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das devanditas sentenzas e autos.

3.- DAR CONTA DO AUTO DO TSXG RESOLUTORIO DE INCIDENTE DE EXECUCIÓN DE SENTENZA EN RELACIÓN COA APROBACIÓN DOS PREGOS DE CONDICIÓNS E DA CONCESIÓN DA PRAZA ELÍPTICA. EXPTE. 3186/111.

Dáse conta do precedente auto á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do devandito auto.

4.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPEDIENTES. 12/1462, 13/1561, 13/1964, 13/2369, 21/134, 23/2631.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes proposta da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D^a. Angeles Alonso Rodríguez. Expte. 23/2631.
- D^a. Amelia Rodríguez Pastoriza. Expte. 13/1964.
- D^a. Carmen Gómez Caride. Expte. 13/1561.
- D^a Argentina García Comesaña. Expte. 13/2369
- D^a Ana Molina Lago. Expte. 12/1462
- D^a Luz Divina Silveira Gonzalez. Expte. 21/134

5.- BASES DE SELECCIÓN DO PERSOAL LABORAL-TEMPORAL PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “VIGO COLABORA”. EXPTE. 7013/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 4.05.10, conformado polo concelleiro-delegado de Área, e co informe do técnico de Intervención do 9.06.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar as bases anticipadas de selección do persoal laboral-temporal para a execución do proxecto “Vigo Colabora” que se achegan no Anexo I do presente informe.
2. Delegar no Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá o nomeamento dos membros da Comisión de selección. ANEXO I

BASES DE SELECCIÓN DO PERSOAL LABORAL-TEMPORAL PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO: “VIGO COLABORA”

1º.- Postos de Traballo, funcións e titulacións.

Persoal técnico do programa coas funcións e titulacións que se detallan de seguido:

1 Coordinador, que se encargará de coordinar a nivel xeral todos os aspectos relacionados co desenvolvemento das accións previstas no Programa.

3 Orientadores de Inserción Laborais, que realizarán as funcións de asesoramento, orientación laboral, acompañamento na busca de emprego, elaboración de itinerarios profesionais, orientación de cara ao mercado laboral, xestión de colocación etc. (Titulación: Pedagogía, Psicoloxía, Económicas e Dereito, con ampla experiencia no área de Recursos Humanos e Orientación)

1 Analista ocupacional, experto en Formación continua e ocupacional, que apoiará as funcións das actividades a realizar polos orientadores, así como planificar as accións de formación a realizar. (Titulación: Psicoloxía, Pedagogía, Económicas, Dereito, Relacións Laborais, con experiencia en análises de ocupacións, perfís profesionais e mercado laboral, xestión de programas formativos)

1 Axente de Inserción Laboral, que se ocupará de facer prioritariamente accións de Xestión de colocación, e acción de apoio dos dinamizadores de Emprego e Orientadores Laborais, xestión de acordos coas entidades e empresas en relación aos compromisos de emprego. (Titulación: Dereito, Económicas, Empresariais, Relacións Laborais, con experiencia en xestión de Recursos humanos)

2 Dinamizadores de Emprego de prospección do mercado laboral, que farán as labores de prospección do tecido empresarial, **comercialización de produtos e/ou servizos por medios telefónicos, visita personalizada ás empresas**, difusión do programa nas empresas, asesoramento e información as empresas sobre políticas activas de emprego, recollida de necesidades nas empresas etc. (Titulación: FP-II, Ciclo Superior ou equivalente).

1 Administrativ@, que realizará as funcións administrativas pertinentes, de apoio aos técnicos do proxecto, **xestión de documentación, atención telefónica, comercialización de produtos e/ou servizos por medios telefónicos**. (Titulación: FP-II Administrativo ou equivalente; valorarase a experiencia na xestión de recursos humanos, xestión de formación continua)

1 Técnico Informático, que ocuparase de xestionar a plataforma de emprego, e accións de busca activa de emprego a través das novas tecnoloxías.(Titulación: FP-II ou Ciclo Superior)

2º.- Persoal Laboral-Temporal: Natureza e duración dos contratos.-

- a) *A modalidade da contratación está condicionada a resolución aprobatoria da subvención solicitada, estímase oportuna a de obra ou servizo a xornada completa, non obstante a modalidade e duración e outras incidencias, aterase ó disposto nos informes xurídicos do Servizo de Persoal e Interventor de fondos.*
- b) *A duración será como máximo, de 12 meses, iniciándose no ano 2010, condicionada en todo caso ó*

contido da resolución aprobatoria da subvención e así mesmo ó establecido no RD Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora e crecemento do emprego, que modifica o art. 15 do Estatuto dos Traballadores, en canto as limitacións temporais que se recollen para a contratación laboral-temporal, (máximo 24 meses nun período de 30, sexa ou non o mesmo contrato, para o mesmo posto de traballo).

- c) A xornada de traballo será de 37,50 horas semanais, con un horario de traballo de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:30 horas de luns a venres, podendo ser modificado por necesidades do servizo, tendo en conta as necesidades de adecuación ao mercado laboral polas súas características de contacto directo coas empresas.
- d) Así mesmo aquelas persoas candidatas que xa desenvolveran esta actividade no Concello de Vigo dende o ano 2007, poderán non ser seleccionadas en virtude do establecido no dito RD Lei 5/2006, de 9 de xuño, modificando o art. 15 do Estatuto dos Traballadores, en canto ás limitacións temporais que se recollen para a contratación laboral-temporal, (máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo).
- e) En todo caso, a formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente os aspirantes seleccionados, estarán suxeitos as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, ó disposto no EBEP, ó Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, **circunstancia da cal se informa os aspirantes.**

3º.- Retribucións.-

As retribucións serán as establecidas para cada categoría no grupo de “Técnicos/as e xestores/as”, no “Acordo Marco de Regulación das condicións socio-laborais das contratacións realizadas no marco de PME, actualizadas para o ano 2010, conforme aos seguintes criterios:

<u>Posto de traballo</u>	<u>Categoría Acordo Marco</u>
a) Coordinador/a	Titulado/a Superior.
b) Orientador/a de Inserción Laboral	Titulado/a Medio.
c) Analista Ocupacional	Titulado/a Medio.
d) Axente de Inserción Laboral	Titulado/a Medio.
e) Dinamizador/a de Emprego	Experto Docente.
f) Administrativo	Oficial Administrativo.
g) Técnico Informático	Oficial Administrativo.

4º.- Procedemento de selección: Publicación de anuncio das bases de selección na prensa local.

Concurso de méritos entre os/as aspirantes/as convocados/as.

- Os/as candidatos/as interesados presentarán o seu Currículo acreditado segundo o punto 4.b destas bases.
- Para acreditar a experiencia laboral (e a formación impartida) presentarase orixinal ou fotocopia da vida laboral, ademais de fotocopias dos contratos de traballo/certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifica claramente as funcións realizadas, achegarase unha certificación de funcións.
- Para acreditar a formación recibida presentarase fotocopia do diploma do centro/entidade de impartición, co número de horas.
- Baremaranse, unicamente, os currículos dos/as candidatos/as que reúnan o perfil considerado imprescindible para cada posto. No caso de non presentarse á convocatoria un número suficiente de candidaturas apropiadas, a Comisión de Selección valorará, para cada caso, a posibilidade de reducir as características requiridas como imprescindibles.
- Non se reclamará nin recollerá ningunha documentación fora do prazo estipulado.
- Ós/ás candidatos/as por posto con maior puntuación no proceso de baremación, antes de pasar á entrevista, reclamaráselle a presentación dos orixinais da vida laboral e resto das acreditacións ou copias compulsadas. A non presentación desta documentación, será causa de exclusión do proceso selectivo.
- A Comisión de selección decidirá, para cada posto, cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación para acceder a entrevista persoal.

Valoración dos méritos:

Para os postos de Coordinador/a, Orientadores de Inserción Laboral e Analista Ocupacional:

Titulación académica

(máximo 2,50 puntos):

- Licenciatura en Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Psicoloxía social ou áreas relacionadas co

- | | |
|---|-------------|
| emprego | 2,50 puntos |
| • Licenciatura en Dereito, Economía e Empresariais, | 2,00 puntos |
| • Educación Social, Traballo Social | 2,00 puntos |
| • Outras licenciaturas e Diplomaturas | 1,00 puntos |

Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 ptos):

- Másters, cursos superiores de recursos humanos. (máximo 1 punto)
 - Por cada 200 horas 0,50 puntos.
- Xestión de formación e/ou formador ocupacional.(máximo 0,5 puntos)
 - Por cada 50 horas 0,30 puntos
- Formación en igualdade de xénero (máximo 0,5 puntos).
 - Por cada 50 horas 0,20 puntos
- Outros cursos relacionados cos recursos humanos, xestión de equipos, integración sociolaboral, emigración ou inmigración. (máximo 1 punto)
 - Por cada 50 horas 0,30 puntos

Experiencia profesional, nas funcións e tarefas de cada posto de traballo (máximo 5 ptos):

- En programas experimentais ou programas integrados de emprego (máximo 2 ptos) 0,80 puntos/semestre.
- En programas de Orientación e Información Laboral, e Cooperación en Concellos e entidades sen ánimo de lucro (máximo 2 ptos.) 0,60 puntos/semestre.
- En departamentos de recursos humanos con funcións de selección de persoal, análise de necesidades formativas e de postos de traballo, deseño de plans de carreira e itinerarios profesionais, na empresa privada (máximo 2 puntos) 0,60 puntos/semestre.

Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)

- | | |
|-------------------------------------|--------------|
| Curso de Iniciación ou equivalente: | 0,15 puntos. |
| Perfeccionamento ou equivalente | 0,25 puntos. |

Outros méritos relacionados coa informática (máximo 0,50 puntos)

- | | |
|---|--------------|
| Por cada curso de entre 20 e 49 horas | 0,05 puntos. |
| Por cada curso de entre 50 e 249 horas. | 0,10 puntos. |
| Por cada curso de máis de 250 horas | 0,20 puntos. |

Valoración de méritos para os postos de Axente de Inserción Laboral.

Titulación académica (máximo 2,50 puntos):

- Licenciatura en Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Psicoloxía social ou áreas relacionadas co emprego 2,50 puntos.
- Licenciatura en Dereito, Economía e Empresariais 2,00 puntos.
- Outras licenciaturas e Diplomaturas 1,00 puntos.

Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 ptos):

- Másters, cursos superiores de recursos humanos e/ou xestión comercial ou marketing empresarial(máximo 1 punto)
 - Por cada 200 horas 0,50 puntos.
- Cursos da área comercial, atención ao cliente, planificación empresarial, comunicación ou similar (máximo 0,5 puntos)
 - Por cada 50 horas 0,50 puntos
- Formación en igualdade de xénero (máximo 0,5 puntos).
 - Por cada 50 horas 0,20 puntos
- Outros cursos relacionados cos recursos humanos, xestión de equipos, integración socio-laboral, emigración ou inmigración e políticas activas de emprego (máximo 1 punto)
 - Por cada 50 horas 0,30 puntos

Experiencia profesional, nas funcións e tarefas de cada posto de traballo (máximo 5 ptos):

- En programas experimentais desemprego, de Orientación e Información Laboral, Cooperación en Concellos e entidades sen ánimo de lucro, na realización de actividades de visita a empresas, tarefas de asesoramento e atención ao cliente (máximo 2,5 ptos) 0,80 puntos/semestre.

- En departamentos de recursos humanos con funcións de selección de persoal, análise de necesidades formativas e de postos de traballo, deseño de plans de carreira e itinerarios profesionais na empresa privada (máximo 2,5 ptos).
 - 0,60 puntos/semestre.
- Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)
- Curso de Iniciación ou equivalente: 0,15 puntos.
 - Perfeccionamento ou equivalente 0,25 puntos.
- Outros méritos relacionados coa informática (máximo 0,50 puntos)
- Por cada curso de entre 20 e 49 horas 0,05 puntos.
 - Por cada curso de entre 50 e 249 horas. 0,10 puntos.
 - Por cada curso de máis de 250 horas 0,20 puntos.

Valoración de méritos para o posto de Dinamizador/a de Emprego.

Titulación académica (máximo 2,00 puntos):

- Licenciado ou diplomado 2,00 puntos.
- FP-II, Ciclo Superior rama administrativa ou comercial 1,00 puntos.

Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 ptos):

- Másters, cursos superiores de recursos humanos e/ou xestión comercial ou marketing empresarial (máximo 1 punto)
- Por cada 200 horas 0,50 puntos.
- Cursos da área comercial, atención ao cliente, planificación empresarial, comunicación ou similar (máximo 0,5 puntos)
- Por cada 50 horas 0,50 puntos
- Formación en igualdade de xénero (máximo 0,5 puntos).
- Por cada 50 horas 0,20 puntos
- Outros cursos relacionados cos recursos humanos, xestión de equipos, integración socio-laboral, emigración ou inmigración e políticas-activas de emprego (máximo 1 punto)
- Por cada 50 horas 0,30 puntos

Experiencia profesional, nas funcións e tarefas de cada posto de traballo (máximo 5 ptos):

- En programas experimentais de emprego, de Orientación e Información Laboral, Cooperación en Concellos e entidades sen ánimo de lucro, na realización de actividades de visita a empresas, tarefas de asesoramento e atención ao cliente (máximo 2,5 ptos)
- 0,80 puntos/semestre.
- En departamentos de recursos humanos con funcións de selección de persoal, análise de necesidades formativas e de postos de traballo, deseño de plans de carreira e itinerarios profesionais na empresa privada (máximo 2,5 ptos).
- 0,60 puntos/semestre.

Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)

- Curso de Iniciación ou equivalente: 0,15 puntos.
- Perfeccionamento ou equivalente 0,25 puntos.

Outros méritos relacionados coa informática (máximo 0,50 puntos)

- Por cada curso de entre 20 e 49 horas 0,05 puntos.
- Por cada curso de entre 50 e 249 horas. 0,10 puntos.
- Por cada curso de máis de 250 horas 0,20 puntos.

Valoración de méritos para os postos de administrativo e Técnico Informático:

Titulación superior, diplomatura, FP-II, rama administrativa, Ciclo Superior na área de Administración ou Informática. 1,00 puntos

1.- Experiencia profesional: (máximo 5 ptos):

1. En programas experimentais de emprego, integrados de emprego, de Orientación e Información Laboral, Cooperación en Concellos e entidades sen ánimo de lucro, na realización de tarefas de xestión administrativa ou informática e atención ao cliente (máximo 2,5 puntos)
1,0,60 puntos/semestre.
2. Na realización de tarefas de xestión administrativa ou informática, telemarketing e atención ao cliente en outras administracións ou empresas privadas (máximo 2,5 puntos)
1,0,60 puntos/semestre.
3. Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 1 ptos):

- 1 Por cada curso de entre 20 e 49 hora 0,10 puntos.
- 2 Por cada curso de entre 50 e 249 horas 0,20 puntos.
3. Por cada curso de máis de 250 horas 0,40 puntos.
4. Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)
 1. Curso de Iniciación ou equivalente 0,50 puntos.
 2. Perfeccionamento ou equivalente 1,00 puntos.

c) Entrevista persoal (Máximo 5 puntos):

A Comisión de Selección, decidirá cal é a mínima puntuación esixida para acceder a entrevista e para acadar unha puntuación final que permita seleccionar á persoa ou persoas máis idóneas para os postos de traballo en cuestión, a puntuación da entrevista engadirase a de concurso de méritos.

Na entrevista se valorarán todos os aspectos psicotécnicos de adecuación ao mesmo, así como ao grao de motivación, interese e compromiso co programa. No caso de obter unha puntuación inferior a 2 punto, considerarase “Non Apto” e quedará excluída a persoa do proceso de selección.

5º.-Comisión de Selección:

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público.

Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual.

Composición:

- O Xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.
- Un funcionario/a do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos da rama de administración xeral, que actuará como Secretario/a.
- Vocais: Tres funcionarios/as ou laborais fixos, do Concello de Vigo ou dos seus Organismos Autónomos.

Tódolos membros da Comisión de Selección serán nomeados polo Concelleiro de Promoción Económica e Emprego, cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Estatuto Básico do Emprego Público.

O órgano de selección en canto a súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.

6º.- Lista de substitucións.- *Os/as candidatas/os que non foran contratados e tendo superado o proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser contratados para substitucións ou postos de traballo doutros programas do Servizo de Emprego”.*

7º.- Presentación de solicitudes:

- a) *Mediante instancia solicitando participar no proceso de selección, definindo o posto ao que opte.*
- b) *Prazo: **3 días hábiles** a partir da data de publicación do anuncio na prensa local.*
- c) *Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei, 1. (Vigo). Dirixido ao servizo de Promoción Económica e Emprego.*
- d) *Horario de entrega: De 9:00 a 13:00 horas.*
- e) *Documentación: Xunto coa instancia achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais e específicos establecidos nas presentes bases para cada posto de traballo.*
- f) *En todo caso, a formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente os aspirantes seleccionados, estarán suxeitos, (ademais do estipulado no aptdo 2º, dunha duración temporal propia do programa integrado de emprego subvencionado, de duración máxima estimada na resolución aprobatoria da subvención de 12 meses), as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006,(disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), ó disposto no Estatuto Básico do Emprego Público, ó Texto Refundido da Lei da Función Pública de*

Galicia e demais lexislación de aplicación, *circunstancia da cal se informa os aspirantes.*

- g) *A partir da data de publicación dos resultados de baremación na páxina web (<http://www.vigo.org>) haberá 3 días para solicitar aclaracións.*

6.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO LOCAIS MUNICIPAIS DE RIVERA ATIENZA”. EXPTE. 7122/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado da Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde redactado para a obra de acondicionamento de dous locais, en Martínez Garrido, a realizar por persoal traballador/es do programa UTIL (Unidade de Traballo para Inserción Laboral).

Achégase a seguinte documentación complementaria:

- Plan de Seguridade e Saúde redactado polo Programa UTIL.
- Acta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde asinada polo técnico que está a desenvolver os traballos de Dirección de Obra, Xosé Antonio Muíños Acuña (arquitecto técnico).

7.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SAN ROQUE OS DÍAS 15, 16, 17 E 18 DE AGOSTO 2010. EXPTE. 78343/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da enxeñeira técnica, do 21.06.10, conformado polo concelleiro-delegado de Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á JOSÉ PORTO PADIN, Secretario da AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO para a celebración das FESTAS DE SAN ROQUE (no nome da Hermandad de Devotos de San Roque) á ocupación do espazo sinalado no plano achegado para a celebración das FESTAS DE SAN ROQUE, na rúa Filipinas, na fronte do muro da propia finca de San Roque e até a rúa Rola e sen que en ningún caso supere a mediana da rúa debendo deixar libre en todo caso cinco metros durante os vindeiros días 15,16,17 e 18 de agosto de 2010, podendo iniciar a montaxe o día 13, sempre que sexa debidamente delimitado e sinalizado, de conformidade coa normativa vixente en materia de seguridade vial, para o libre tránsito de persoas e vehículos no seu contorno, con paso suficiente para os vehículos de urxencia e sen ocupar ou invadir as vías públicas, camiños de servizo ou accesos que non estean expresamente autorizados.

Así mesmo e para os efectos de seguridade vial considérase procedente que non se permita o tráfico rodado no horario de celebración da festa na rúa Filipinas entre a rúa Couto de San Honorato e a Baixada a San Roque.

Deberase sinalizar e balizar o contorno afectado de conformidade coa normativa actual en materia de Tráfico e Seguridade Vial tanto de día como de noite. Así mesmo, deberase dar a suficiente difusión pública das modificacións puntuais do tráfico.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as

correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, carruseis, tiro o branco e outras similares.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

Horario máximo autorizado: 3. 30 horas, coas ampliacións previstas na Orde de 16 de xuño de 2005, pola que se determinan os horarios de aperturas e peche dos espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 117, de 20 de xuño de 2005)

Límite transmisión ruído: non se superarán os fixados na táboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibración, publicado no BOP de data 16 de outubro de 2000.

Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, una vez finalizadas as celebracións, así

▶ como dar cumprimento as normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

▶ Os organizadores deberán dar cumprimento ó disposto no acordo plenario de data 27 de novembro do 2000, en canto non ocupar máis espazo do autorizado, limitar a celebración ós días autorizados e producir as menores molestias posibles ós veciños.

▶ A ocupación non exterior da finca de San Roque só se autorizará dous días antes das datas autorizadas e o día seguinte con obxecto de instalar e desinstalar os postos.

▶ O aparcamento dos vehículos correspondentes ós titulares da organización e participantes nas actividades das festas, farase principalmente no lateral da Avda. de Madrid anexo á Finca de San Roque.

▶ No tocante ao aparcamento das caravanas, infórmaselles que poderán aparcalas na rúa Filipinas até o Colexio HOGAR nos números pares.

▶ Deberán de garantir que dispoñen de certificado de instalación emitido por instalador autorizado oficial que permite a súa posta en funcionamento con independencia de que o seu subministro se realice conectándose a unha rede de distribución ou como prolifera actualmente mediante un grupo halóxeno, entendéndose non autorizado este evento senón dispoñen do mencionado certificado.

8.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á COMISIÓN DE FESTAS DA CONSOLACIÓN DE COIA OS DÍAS 2, 3, 4, 5 E 6 DE XULLO DE 2010. EXPTE. 78361/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da enxeñeira técnica, do 22.06.10, conformado polo concelleiro-delegado de Área, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á Comisión de Festas da Consolación-coia a ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración das Festas da Consolación de Coia, os vindeiros días 02,03,04,05,e 06 de xullo de 2010 no recinto sinalado no plano que se achega debendo: delimitar o recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; así mesmo, non se poderá ocupar ou invadir as vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Axustaranse, así mesmo, ás seguintes normas:

- Terán que presentar un aval por valor de 6000 € (o cal achegan) para responder dos posibles danos que se poidan ocasionar.

- Deberán de cumprir as normas xerais sobre a utilización de espazos públicos segundo acordo da Comisión de Goberno do 17 de marzo de 2003.
- Deberán absterse de colocar carteis ou pancartas nas árbores dos xardíns
- Deberán dispor dun servizo de limpeza para a recollida de restos que poidan xerar a festa, quedando a zona utilizada nas mesmas condicións que antes do seu uso
- Non poderán permanecer animais no recinto das festas
- Os desaugadoiros de auga deberán de estar conectados á rede de saneamento
- Deberán usar o logotipo das Concellerías de Limpeza e Parques e Xardíns en toda a publicidade e anuncios que fagan referencia as festas
- Horario máximo autorizado: 3:30 horas coas ampliacións previstas na orde de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Límite transmisión ruídos: non se superarán os fixados na táboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, publicado no BOP de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.
- **Deberán de garantir que dispoñen de certificado de instalación emitido por instalador autorizado oficial que permite a súa posta en funcionamento con independencia de que o seu subministro se realice conectándose a unha rede de distribución ou como prolifera actualmente mediante un grupo halóxeno, entendéndose non autorizado este evento senón dispoñen do mencionado certificado.**

9.- MODIFICADO Nº 1 “CUSTE CERO” DO PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA RÚA CASAL DE ARRIBA. EXPTE. 337/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área dos Servizos Xerais, do 16.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “custe cero” do Proxecto de pavimentación e acondicionamento da Rúa Casal de Arriba, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificadas no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 16 de xuño.

10.- MODIFICADO Nº 1 “CUSTE CERO” DO PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA RÚA CASAL DE ABAIXO”. EXPTE. 338/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área dos Servizos Xerais, do 16.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “custe cero” do Proxecto de pavimentación e acondicionamento da Rúa Casal de Abaixo, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificados no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 16 de xuño.

11.- MODIFICADO Nº 1 “CUSTE CERO” DO PROXECTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS E SERVIZOS NA RÚA XÍLGARO. CALVARIO. EXPTE. 343/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área dos Servizos Xerais, do 22.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “coste cero” das obras de Construción de beirarrúas e servizos na Rúa Xílgaro - Calvario, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificados no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 22 de xuño.

12.- MODIFICADO Nº 1 “CUSTE CERO” DO PROXECTO DE OBRAS DE AVDA. SAN PAIO REMODELACIÓN DA ALAMEDA DE EMILIO CRESPO CANO. EXPTE. 346/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área dos Servizos Xerais, do 22.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “coste cero” das obras da Avda. San Paio. Remodelación da Alameda de Emilio Crespo Cano, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificados no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 22 de xuño.

13.- MODIFICADO Nº 1 “CUSTE CERO” DO PROXECTO DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DE FRAGOSELO. FASE 1. CORUXO. EXPTE. 347/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área dos Servizos Xerais, do 22.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “coste cero” das obras de construción de Beirarrúas na Estrada de Fragoselo, Fase 1., de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificados no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 22 de xuño.

14.- MODIFICADO Nº 1 “CUSTE CERO” DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA CAÑIZA-COMESAÑA. EXPTE. 348/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área dos Servizos Xerais, do 22.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “coste cero” das obras de construción de Beirarrúas na Rúa Cañiza - Comesaña, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificados no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 22 de xuño.

15.- MODIFICADO DE PROXECTO DE MELLORA DOS SISTEMAS DE SEGURIDADE E CONTROL DOS ACCESOS Á CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 349/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área dos Servizos Xerais, do 22.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto modificado nº 1 do proxecto de Mellora dos Sistemas de Seguridade e Control de Accesos da Casa Consistorial, redactado pola Enxeñería Tecnical, S.L. e cun importe de 343.751,43 €

16.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO ABOAMENTO DE GASTOS DE LOCOMOCIÓN A D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ. EXPTE. 342/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área dos Servizos Xerais, do 22.06.10, co conforme da concelleira de dita área, a Xunta de Goberno local acorda:

O funcionario D. Julio Carrasco Rodríguez co número de persoal 78.127 porá a disposición do servizo o seu vehículo particular para toda clase de visitas e inspeccións de obras relacionadas co seu posto de traballo no termo municipal, dentro do horario de traballo e fora del, sempre que proceda.

En contraprestación, o Concello remunerará ó citado funcionario co importe contemplado na OM 3770/2005 de 1 de decembro, que fixa dito importe en 0,19 €/Km. recorridos, coa obrigatoriedade de xustificar debidamente os desprazamentos efectuados segundo o modelo existente.

A remuneración terá efectos retroactivos dende o 1 de febreiro de 2010, data en que o funcionaria mencionado comeza as súas funcións na Área de Servizos Xerais.”

17.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ESPERANTO E INDEMNIZACIÓN POR DANOS E PREXUÍZOS. EXPTE. 54649/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área dos Servizos Xerais e do asesor xurídico de dita área, do 18.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a liquidación das obras do contrato formalizado polo Concello con D. Miguel Ángel Álvarez Álvarez-Construtora Galega con data 27 de agosto de 2008 e modificado o 22 de xaneiro de 2009 proposta polos directores da obra e que supón un saldo a favor do Concello de 6.245,71 euros.

En tanto non se abone a débeda polo contratista reterase a fianza que para responder dos conceptos que figuran relacionados no artigo 88 da LCSP constituíu no seu día.

Segundo.- Recoñecer e aboar ao contratista como indemnización polas obras deixadas de executar como consecuencia da resolución deste contrato o importe de 1.386,80 euros (6% do prezo das mesmas).

Terceiro.- Resarcir ao contratista polas obras executadas extra-contractualmente por importe de 11.812,80 euros (IVE incluído).

Cuarto.- Proponer á Alcaldía que ao amparo das competencias que lle atribúe a base VII de execución orzamentaria inicie o preceptivo expediente de modificación orzamentaria para financiar o pago das indemnizacións que corresponden ao contratista e para as que non existe crédito axeitado e suficiente no vixente orzamento de gastos ou, polo menos, incluír o seu importe (apartados 2º e 3º deste acordo, máis os intereses de demora que procedan) na próxima modificación orzamentaria que tramite a Corporación.

Quinto.- No non contemplado nos apartados anteriores, desestimar a reclamación de danos e prexuízos solicitada polo reclamante no seu escrito de entrada no Rexistro Xeral 7 de outubro de 2009 e ampliada no presentado o 4 de maio de 2010.

Sexto.- Notificar o presente acordo xunto co de resolución do contrato de data 1 de marzo de 2010 ao contratista, advertíndolle que contra eles poderá interpor recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á notificación dos mesmos.

Así mesmo poderá interpor previamente recurso potestativo de reposición ante este Órgano, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á notificación dos acordos, que se entenderá desestimado se transcorre outro sen resolver; en cuxo caso poderá interpor o recurso contencioso-administrativo que se lle ofreceu no parágrafo anterior no prazo de seis meses contados dende o día seguinte á data de desestimación presunta.

18.- CREACIÓN DE DOUS FICHEIROS DE CARÁCTER PERSOAL NA OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO. EXPTE. 315/322.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación Cidadá, do 18.06.10, co conforme do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Autorizar a Oficina Municipal de Voluntariado a crear os arquivos persoais seguintes conforme as especificacións dos Anexos:

1. “Traballos en Beneficio da Comunidade” que está especificado no anexo I.
2. “Persoas Voluntarias” que está especificado no anexo II.

2.- A información esixida no artigo 20 da Lei 15/1999 de 13 de decembro, relativa á protección de datos de carácter persoal para a creación dos ficheiros está contida nos anexos I e II.

3.- Delegar na Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Vigo a responsabilidade de xestión dos ficheiros mixtos creados e a regularización do mesmo conforme ao establecido na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

ANEXO I

Nome e descrición do ficheiro: “**Traballos Beneficios da Comunidade**”

Finalidade do ficheiro: *Levar un rexistro do cumprimento de entrada e saída de penados*

Órgano Responsable do Ficheiro: *Oficina Municipal de Voluntariado. Area de Participación Cidadá*

Persoas e colectivos sobre os que se pretende obter os datos ou que resulten obrigados a subministralos: *Penados*

Servizos ante os que se exercitan os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: *Secretaría Xeral Concello de Vigo. Praza do Rei 1. C.P. 36202 Vigo o no teléfono 010.*

Nivel do Ficheiro: *Alto*

Procedencia e procedemento de recollida dos datos: *Ministerio do Interior. Secretaría Xeral de Institucións*

Penais

Tipos de datos de carácter persoal:

- Datos de carácter identificador: *NIF/DNI, Nome e Apelidos, Telefono, Asina*
- Datos Académicos e profesionais: *Formación, titulación*
- Detalles de emprego: *Postos de Traballo, Historial do traballador/a.*
- Relativo á comisión de infraccións: *Infraccións penais*

Sistema de tratamento: *Mixto*

Comunicacións ou cesións de datos: *As previstas pola Lei e ao Ministerio do Interior*

Transferencias internacionais de datos a terceiros países: Non se atopan fornecidas.

ANEXO II

Nome e descrición do ficheiro: **“Persoas Voluntarias”**

Finalidade do ficheiro: *Levar un rexistro dos voluntarios e voluntarias adscritas ao Concello de Vigo*

Órgano Responsable do Ficheiro: *Oficina Municipal de Voluntariado. Area de Participación Cidadá*

Persoas e colectivos sobre os que se pretende obter os datos ou que resulten obrigados a subministralos:

Persoas voluntarias

Servizos ante os que se exercitan os dereitos de acceso, reificación, cancelación e oposición: *Secretaría Xeral Concello de Vigo. Praza do Rei 1. C.P. 36202 Vigo o no teléfono 010.*

Nivel do Ficheiro: *Medio*

Procedencia e procedemento de recollida dos datos: *O propio interesado ou interesada.*

Tipos de datos de carácter persoal:

- Datos de carácter identificador: *NIF/DNI, Nome e Apelidos, Dirección, Telefono, enderezo electrónico.*
- Carácter persoais: *estado civil, data de nacemento, sexo, nacionalidade*
- Circunstancias sociais: *afeccións e estilo de vida, licenzas, permisos, autorizacións*
- Datos Académicos e profesionais: *Formación, titulación, experiencia profesional*
- Detalles de emprego: *Postos de Traballo, Historial do traballador*

Sistema de tratamento: *Mixto*

Comunicacións ou cesións de datos: *As previstas pola Lei*

Transferencias internacionais de datos a terceiros países: Non se atopan fornecidos.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

19.- PROXECTO DE CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DEPENDENTE DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO A FIN DE LEVAR A CABO UN PROGRAMA DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E INSERCIÓN SOCIO-LABORAL PARA INMIGRANTES EXTRACOMUNITARIOS NESTE CONCELLO. EXPTE. 54575/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de

Planificación de Servizos Sociais en función de coordinadora da oficina de Inmigración, do 24.05.10, co conforme do xefe da área de Benestar Social e do concelleiro delegado da mesma, e co informe do titular da Asesoría Xurídica do 24.06.2010 e certificación do Interventor Xeral de data 11.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral da Emigración dependente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, e o Concello de Vigo para levar a cabo un programa de información, orientación e inserción sociolaboral para inmigrantes extracomunitarios neste concello, e que será suscrito polo Secretario xeral da Emigración e a Concelleira delegada de área de Benestar Social do concello de Vigo, cunha achega autonómica de 60.000.- euros para gastos de persoal e cunha achega municipal de 30.000.- € Esta achega municipal faise con cargo a aplicación orzamentaria do capítulo I (Gasto de persoal) .

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO UN PROGRAMA DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E INSERCIÓN SOCIOLABORAL PARA INMIGRANTES EXTRACOMUNITARIOS NESTE CONCELLO.

En Santiago de Compostela, a de de 2010

REUNIDOS

Dunha banda, D. José Santiago Camba Bouzas, secretario xeral da Emigración da Xunta de Galicia, nomeado polo Decreto 293/2009, do 14 de maio (*DOG nº 94, do 15 de maio de 2009*), actuando en nome e representación da Secretaría Xeral da Emigración en virtude das competencias que lle son atribuídas na disposición adicional 2ª, do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (*DOG nº 119 do 19 de xuño de 2009*).

E doutra, D.ª María Xosé Méndez Piñeiro, con DNI nº 35.252.900 H, que actúa en nome e representación do Concello de Vigo, con CIF nº P3605700H, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social e en uso das facultades que ten atribuídas por resolución do 5 de xullo de 2007.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

MANIFESTAN

I.- Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto na Lei de contratos do sector público.

II.-Que segundo os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística a 1 de xaneiro de 2009 o Concello de Vigo ten censados un total de 17.108 estranxeiros, aos que hai que engadir os emigrantes retornados e os seus descendentes.

III.-Que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de política inmigratoria e de retorno en Galicia, competencias que asume en virtude do Decreto 82/2009, do 21 de abril, que establece a citada Secretaría Xeral como centro directivo dependente funcionalmente da Presidencia, e organicamente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, (*DOG nº 119, do 19 de xuño de 2009*), de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia. Así ten atribuídas, entre outras competencias, a coordinación e a colaboración con outras administracións públicas para a realización e a posta en marcha de programas, proxectos e actuacións dirixidos á integración tanto dos inmigrantes como dos emigrantes retornados promovendo a participación e colaboración de todos os axentes sociais nas actuacións que se van realizar.

IV.-Que, o Concello de Vigo está experimentando un importante incremento na recepción de inmigrantes e emigrantes retornados polo que é preciso desenvolver un programa de asesoramento xurídico e socio-laboral, como medio para contribuír á súa mellor integración social e laboral, e así atender as peticións de información que están a presentar estes colectivos.

V.-Este programa vense desenvolvendo nos principais concellos galegos e dadas as características das actuacións a desenvolver e a natureza da entidade asinante, esta Secretaría Xeral tendo en conta o disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considera o Concello de Vigo como idóneo, non sendo posible promover a concorrencia pública.

VI.-Á marxe do anterior, con data 6 de outubro de 2005, o Consello da Xunta de Galicia autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en nome da Xunta de Galicia, e o Ministerio de Traballo e Inmigración, para o desenvolvemento de actuacións de acollida e integración de persoas inmigrantes, así como de reforzo educativo. O convenio, que foi asinado con data 25 de outubro de 2005, ten duración anual, prorrogándose automaticamente salvo no referente ás contías económicas.

As actuacións desenvolvidas pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de atención á poboación inmigrante extracomunitaria son consonte co establecido no “Marco de Cooperación para la Gestión del Fondo de Apoyo a la Acogida y la Integración de Inmigrantes” documento onde se establecen os eixos e liñas de actuación que permitan dar cumprimento ao fin establecido no convenio de referencia, configurado como a promoción da acollida, integración e reforzo educativo das persoas inmigrantes.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

subscribir un convenio de colaboración para o desenvolvemento de actuacións de información, orientación e asesoramento xurídico e socio-laboral, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e o Concello de Vigo para o desenvolvemento nese concello dun programa de información, orientación e inserción sociolaboral dirixido a inmigrantes, coa finalidade de facilitar a súa integración social.

SEGUNDA.- Contido do programa e actuacións a desenvolver.

O Programa, que está dirixido a inmigrantes, consistirá no **funcionamento dunha unidade de información, orientación e asesoramento xurídico e socio-laboral por parte do Concello que desenvolverá as seguintes actuacións:**

- Informar ás persoas inmigrantes sobre a súa situación xurídica e trámites administrativos a realizar. Neste sentido, asesorará na tramitación de permisos de residencia, traballo, visados, adquisición de nacionalidade, agrupamento familiar, e calquera outros trámites administrativos que estas persoas precisen, así como sobre as posibles prestacións sociais, educativas ou sanitarias ás que tivesen dereito.
- Facilitar todo tipo de información acerca de programas formativos e de orientación e inserción laboral e outras axudas ás que poidan ter acceso e que faciliten a súa inserción no mercado laboral.
- Promover a incorporación dos inmigrantes ás redes sociais e á vida comunitaria, incluso a través de intervencións individuais e familiares.

TERCEIRA.- Orzamento

Para a execución deste convenio, que ten un orzamento de **noventa mil euros (90.000€)**, a colaboración entre as partes intervinientes para a súa execución faise de acordo coa seguinte distribución:

A Secretaría Xeral da Emigración achegará, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2010 a cantidade de sesenta mil euros (**60.000€**). Esta achega farase con cargo á aplicación orzamentaria **04.50.312C.460.0** que se inclúe nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

As achegas feitas pola Secretaría Xeral da Emigración serán destinadas a sufragar os gastos correntes necesarios para o funcionamento da oficina sinalada na cláusula anterior.

En todo caso dentro do persoal da oficina deberá figurar un/unha licenciado/a en dereito con formación específica en materia de estranxeiría, e un/unha traballador/a social.

O Concello de Vigo fará unha achega de trinta mil euros (30.000€) para o funcionamento de dita oficina en recursos materiais e humanos necesarios para levar a cabo as actuacións sinaladas anteriormente, e responsabilizarase e asumirá a coordinación total deste programa.

De non xustificaren o importe total da subvención concedida, e sempre e cando se acadase a súa finalidade, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ó importe xustificado.

CUARTA.- Forma de pagamento

1.-A Secretaría Xeral da Emigración realizará os pagamentos, proporcionalmente ás achegas feitas por cada parte, contra certificación expedida polo órgano que teña atribuídas as correspondentes facultades de control no concello e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, previa conformidade do secretario xeral da Emigración.

2.-Segundo o disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización da vixencia do convenio, excepto que pola propia natureza do gasto este se teña que pagar con posterioridade, tales como as cotizacións a seguridade social correspondentes ao mes de decembro e a retención do IRPF referente ao último trimestre do ano.

3.-De conformidade co artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, unha vez iniciadas as actividades poderán efectuarse pagamentos parciais en contía proporcional ao gasto realizado e xustificado, por conta da liquidación definitiva, ata un máximo do 80% do importe global da subvención concedida.

4.-Ao abeiro do artigo 11.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Vigo deberá comunicar á Secretaría Xeral da Emigración a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5.- Antes de proceder á sinatura do presente convenio e no momento da xustificación da execución do programa obxecto deste convenio e, en calquera caso, antes do pagamento da cantidade achegada pola Secretaría Xeral da Emigración, o Concello de Vigo deberá presentar unha declaración responsable, que acredite o cumprimento das súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

6.-Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a.- O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b.- Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

7.- O Concello de Vigo someterase á normativa vixente en materia de subvencións, constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos, e demais normativa que sexa de aplicación.

QUINTA.- Modificación do Convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio. As partes poderán modificar ou denunciar este convenio, sempre que sexa de mutuo acordo, en calquera momento.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100 % do custo da actividade a desenvolver.

SEXTA.- Comisión de Seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación da Secretaría Xeral da Emigración polo secretario xeral da Emigración, quen poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e polo alcalde do concello, o seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.- Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.- Interpretar e resolver as dúbidas, que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención serán resoltas polo secretario xeral da Emigración.

SÉTIMA.- Causas de resolución.

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tamén serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ó reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes intereses, as seguintes:

O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

OITAVA.- Publicidade, seguimento e colaboración.

1.- O Concello de Vigo obrígase a:

- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice no desenvolvemento deste convenio, a participación e colaboración da Secretaría Xeral da Emigración e o seu correspondente logotipo, así mesmo tamén deberase facer constar a participación e colaboración do Ministerio de Traballo e Inmigración e o seu correspondente logotipo.
- Remitir semestralmente á Secretaría Xeral da Emigración un informe detallado das actuacións levadas a cabo ó abeiro deste convenio.
- Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral da Emigración no referente ó seguimento das actividades obxecto da axuda.
- Ter informada á Secretaría Xeral da Emigración do desenvolvemento das actividades subvencionadas, así como do lugar e horario de realización das mesmas.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Secretaría Xeral da Emigración, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

- Participar nas accións formativas e divulgativas que dende a Secretaría Xeral da Emigración se organicen en materia de inmigración que vaian en beneficio do traballo a desenvolver.

2.- A entidade beneficiaria presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e no rexistro público de sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería de Economía e Facenda, ante quen se poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral da Emigración publicará na súa páxina web galiciaaberta.com a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que, a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web. Tamén de conformidade co artigo 11 da devandita Lei, esta secretaría fará pública no DOG, así como na páxina web galiciaaberta.com, a celebración do presente convenio.

De acordo co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración remitirá copia compulsada do presente convenio tras a súa sinatura, para a súa inscrición e arquivo no referido Rexistro.

NOVENA.- Relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte do Concello das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar os servizos obxecto deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes aos traballadores contratados polo Concello para a execución deste Convenio.

O control da actividade laboral, e o exercicio das facultades empresariais sobre ditos traballadores, corresponde exclusivamente ao Concello de Vigo.

DECIMA.- Réxime xurídico.

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 4 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e demais normativa de aplicación en materia de contratos.

O réxime xurídico deste convenio ven determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa que sexa de aplicación.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio, agás aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación das responsabilidades relativas á subvención que serán resoltas polo secretario xeral da Emigración, interpretaranse e

resolveranse motivadamente pola Administración autonómica, previo ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula sexta, contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpor os oportunos recursos contencioso-administrativos perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Duración.

O presente convenio terá os seus efectos dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2010.

As accións englobadas no presente convenio que o Concello realizase dende o 1 de xaneiro do ano 2010, tamén se poderán subvencionar ó abeiro do mesmo coas achegas feitas pola Secretaría Xeral da Emigración.

20.- PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS BANCARIOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7119/540.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 9.06.10, fiscalizado pola xefa do servizo de Fiscalización co conforme do Interventor Xeral con data 15.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente á entidade CAIXA DE AFORROS DE VIGO, OURENSE E PONTEVEDRA – CAIXANOVA a apertura e xestión dunha oficina institucional con sede no interior da Casa Consistorial do Concello de Vigo na que se prestarán, tanto os servizos bancarios ao Concello de Vigo, como os servizos bancarios e financeiros á totalidade do persoal que presta os seus servizos no Concello de Vigo, como consecuencia de ter obtido esta entidade financeira a maior puntuación total como resultado da aplicación conxunta da totalidade dos criterios de adxudicación e ter manifestado expresamente o seu desexo de optar a esta adxudicación.

2º.- Adxudicar provisionalmente ás entidades de depósito CAIXA DE AFORROS DE VIGO, OURENSE E PONTEVEDRA – CAIXANOVA, CAJA DE AHORROS DE GALICIA – CAIXA GALICIA, BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A., CAJA DE AHORROS Y PENSIONES DE BARCELONA “LA CAIXA “ e BANCO SANTANDER, S.A., a prestación dos servizos bancarios para a xestión ordinaria derivada da execución orzamentaria e extraorzamentaria do Concello de Vigo, instrumentándose mediante a apertura e mantemento dunha ou varias contas correntes retribuídas para a execución dos cobros e os pagos que realice a tesourería municipal do Concello de Vigo.

O alcance e condicións dos servizos bancarios a prestar como resultado da adxudicación, de acordo co disposto nos pregos polos que se rexeu a adxudicación e as ofertas presentadas, son as seguintes:

CAIXA DE AFORROS DE VIGO, OURENSE E PONTEVEDRA – CAIXANOVA:

- A remuneración das contas liquidarase ao tipo do EURIBOR a tres meses +0,00%.
- Asumirá, conxuntamente coa entidade CAJA DE AHORROS DE GALICIA – CAIXA GALICIA, a edición e ensobrado de todos os avisos de pago dos recibos non domiciliados e notas informativas dos domiciliados.
- Asumirá, conxuntamente coa entidade CAJA DE AHORROS DE GALICIA – CAIXA GALICIA, a distribución de todos os avisos de pago dos recibos non domiciliados e notas informativas dos domiciliados aos domicilios correspondentes.
- Establecerá unha dunha Terminal Punto de Venta (TPV) virtual ou plataforma de pago electrónico que permita cobrar os tributos municipais a través da páxina web do Concello de Vigo, con tarxetas de crédito e débito, sen aplicar comisión ou custo algún pola súa utilización, nin para o Concello de Vigo nin con cargo a tarxeta coa que se realiza o pagamento, calquera que sexa a entidade financeira

- emisora da mesma.
- Abonará, como contrapartida á utilización privativa das instalacións que se ceden, un canon anual de 60.000,00 euros revisable anualmente conforme ás variacións do índice de prezos ao consumo no conxunto nacional publicado polo Instituto Nacional de Estatística.
 - Centralizará os fondos procedentes da recadación efectuada por todas as entidades colaboradoras que non teñan a condición de xestoras, como consecuencia de non haber resultado adxudicatarias

CAJA DE AHORROS DE GALICIA – CAIXA GALICIA:

- A remuneración das contas liquidarase ao tipo do EURIBOR a tres meses +0,25%.
- Asumirá, conxuntamente coa entidade CAIXA DE AFORROS DE VIGO, OURENSE E PONTEVEDRA - CAIXANOVA, a edición e ensobrado de todos os avisos de pago dos recibos non domiciliados e notas informativas dos domiciliados.
- Asumirá, conxuntamente coa entidade CAIXA DE AFORROS DE VIGO, OURENSE E PONTEVEDRA - CAIXANOVA, a distribución de todos os avisos de pago dos recibos non domiciliados e notas informativas dos domiciliados aos domicilios correspondentes.
- Establecerá unha dunha Terminal Punto de Venta (TPV) virtual ou plataforma de pago electrónico que permita cobrar os tributos municipais a través da páxina web do Concello de Vigo, con tarxetas de crédito e débito, sen aplicar comisión ou custo algún pola súa utilización, nin para o Concello de Vigo nin con cargo a tarxeta coa que se realiza o pagamento, calquera que sexa a entidade financeira emisora da mesma.
- Centralizará os fondos procedentes da recadación obtida pola propia entidade.

BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A.:

- A remuneración das contas liquidarase ao tipo do EURIBOR a tres meses +0,51%.
- Centralizará os fondos procedentes da recadación obtida pola propia entidade.

CAJA DE AHORROS Y PENSIONES DE BARCELONA “LA CAIXA”:

- A remuneración das contas liquidarase ao tipo do EURIBOR a tres meses +0,10%.
- Establecerá unha dunha Terminal Punto de Venta (TPV) virtual ou plataforma de pago electrónico que permita cobrar os tributos municipais a través da páxina web do Concello de Vigo, con tarxetas de crédito e débito, sen aplicar comisión ou custo algún pola súa utilización, nin para o Concello de Vigo nin con cargo a tarxeta coa que se realiza o pagamento, calquera que sexa a entidade financeira emisora da mesma.
- Centralizará os fondos procedentes da recadación obtida pola propia entidade.

BANCO SANTANDER, S.A.:

- A remuneración das contas liquidarase ao tipo do EURIBOR a tres meses -0,10%.
- Centralizará os fondos procedentes da recadación obtida pola propia entidade.

3º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, os adxudicatarios provisionais terán que presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluírá ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.(A non existencia de débedas de carácter tributario co concello de Vigo se comprobará directamente por esta administración).
- Resgardo de constitución da garantía definitiva por importe de 6.000,00 euros.
- Ter ingresado na conta do concello o custe dos anuncios de licitación por importe de 615, 46 euros.

4º.- As propostas de adxudicación provisional contidas nos apartados 1º e 2º do presente acordo se converterán en propostas de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 3º da proposta.

21.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS EXTERNOS DO PROXECTO “IMOS TRABALLAR”. EXPTE. 6773/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 10.06.10, co fiscalizado e conforme da xefa do servizo de Fiscalización do 15.06.2010, e co conforme do Interventor Xeral na mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Excluir do presente procedemento as mercantís ASIMAG SERVICIOS EMPRESARIALES, S.L., e ESTUDIOS MEGA, S.L, polos motivos que se expresarán a continuación:

- ASIMAG SERVICIOS EMPRESARIALES, S.L.: por non acreditar a solvencia económica e técnica e non acreditar o cambio de denominación social así como, no seu caso, a escritura de modificación do seu obxecto social por outro que comprenda o obxecto deste contrato.
- ESTUDIOS MEGA, S.L: Por non acreditar a solvencia técnica e por que a descrición do seu obxecto social na escritura de constitución da empresa non abrangue o relativo a este contrato.

2º.- Adxudicar provisionalmente á mercantil METODO GALICIA ANÁLISIS Y TÉCNICAS, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación dos servizos externos do proxecto Imos Traballar(Expediente 6773-77) por un prezo total de 58.928 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 8.128 euros).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 14 de maio de 2010 e a oferta presentada.

3º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluíra ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.(A non existencia de débedas de carácter tributario co concello de Vigo se comprobará directamente por esta administración).
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

4º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 3º da proposta.

22.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES FORESTAIS. EXPTE. 4052/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 9.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Excluir do presente procedemento á UTE SAN JOSE-EL EGIDILLO VIVEROS INTEGRALES, por non cumprir cos requisitos mínimos en canto ós medios materiais esixidos, tal e como se desprende do informe do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 24-05-2010, valorando as ofertas técnicas.

2º. Adxudicar provisionalmente á mercantil CESPJA JARDINERIA, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de Parques Forestais (expte 4052-446) por un prezo total de 564.882,53 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 77.914,83 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta os seguintes medios materiais sobre os mínimos previstos no prego de prescricións técnicas e valorados nun importe total de 33.653,28 euros:

1	Motoserra
1	Sopradora
1	Mochila pulverizadora
1	Desbrozadora
1	Sopradora
1	Mochila pulverizadora
1	Camión basculante
1	Camión cisterna
1	Hormigonera
1	Todoterreno Pick up
1	Desbrozadora de rodas
1	Motoserra de pértiga
1	Cortasetos
1	Apero recebador
1	Apero esparcidor
1	Mochila de tratamentos
1	Herramienta duradera e utilidade
1	Dumper autrocargable 4x4
1	Ahoyadora
1	Destoconadora
1	Desbrozadora de martillos

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 13 de outubro de 2009 e a oferta presentada.

3º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluíra ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.(A non existencia de débedas de carácter tributario co concello de Vigo se comprobará directamente por esta administración).
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.
- Ter ingresado na conta do concello o custe dos anuncios de licitación por importe de 1.474, 05 euros.

4º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 3º da proposta.

23.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POLO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA AMPLIACIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA PILIVIGO 2010. EXPTE. 11485-332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 24.06.10, fiscalizado e conforme polo Interventor Xeral con data 24.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente á mercantil NEWLINK MC KINNEY-PASCUAL, S.L., o procedemento aberto para a contratación da ampliación do programa municipal de inmersión en lingua inglesa PILIVIGO 2010(expediente 11485-332) por un prezo total de 297.500 euros IVE incluído e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta melloras nas coberturas do seguro: gastos odontolóxicos urxentes por accidente, compensación por desfiguración, gastos transporte ambulancia, prolongación estancia por prescrición médica, busca e localización de equipaxes, gastos por demora saída da viaxe e gastos de asistencia xurídica.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 10 de maio de 2010 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluírá ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.(A non existencia de débedas de carácter tributario co concello de Vigo se comprobará directamente por esta administración).
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.
- Ter ingresado na conta do concello o custe dos anuncios de licitación por importe de 651,02 euros.

3º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta.

24.- CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN DE ACTUACIÓNS E ESPECTÁCULOS PARA AS FESTAS DE VERÁN 2010 NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 3568/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 24.06.10, fiscalizado e conforme polo Interventor Xeral con data 24.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Excluir do presente procedemento ás seguintes empresas:

- PRODUCCIÓN Y ESPECTACULOS DE GALICIA, S.L., por non acreditar a solvencia técnica.
- SWEET NOCTURNA, S.L.N.E., por subcontratar o 90% de infraestruturas e o 60% do persoal, o que contravén o especificado no apartado 30.3 das Follas de Características do contrato (FEC).

2º. Adxudicar provisionalmente á mercantil PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción de actuacións e espectáculos para as festas de verán 2010 (expediente 3568-335) por un prezo total de 206.100,00 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

Comprométese a execución da mellora de limpeza das instalacións, que inclúe a limpeza das gradas.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 28 de maio de 2010 e a oferta presentada.

3º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluíra ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.(A non existencia de débedas de carácter tributario co concello de Vigo se comprobará directamente por esta administración).
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.
- Ter ingresado na conta do concello o custe dos anuncios de licitación por importe de 666, 52 euros.

4º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 3º da proposta.

25.- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE BEIRARRÚAS E SERVIZOS NA ESTRADA DA OGREXA, PARROQUIA DE ZAMANS. CUSTO CERO.. EXPTE. 350/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 24.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “custe cero” das obras de construción de Beirarrúas na Estrada da Igrexa - Zamáns de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificados no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 24 de xuño.

26.- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE BEIRARRÚAS E SERVIZOS NA RÚA MARCOSENDE, PARROQUIA DE ZAMANS. CUSTO CERO.. EXPTE. 351/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 24.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “custe cero” das obras de construción de Beirarrúas na Rúa Marcosende - Zamáns de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificados no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 24 de xuño.

27.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e doce minutos. Como secretaria dou fe.

me/kv.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.